

## MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, NA ESENCIA DO QUE SOMOS

XOSÉ LOIS GARCÍA

Lembro ben aquel febreiro de 1990, como tódolos febreiros de Barcelona, coa friaxe intensa que roe os ósos e alenta o corpo a procurar pequenas raxeiras de inverno. Mais a noticia que chegaba de Lugo deixaba a alma xélida, polo pasamento de Manolo Rodríguez, o poeta de tódalas Galizas posíbeis e inconclusas. Posto a pensar, a vida é ben inxusta cando entrega á morte a tenra idade dun home de cincuenta e seis anos como a de Manolo. Un ser portentoso no amor verdadeiro a súa terra e de gratas benquerenzas cos galegos emigrantes. Confeso que me impactou a noticia, había poucos meses que estivemos xuntos en Lugo e Mondoñedo, en harmoniosa conversa sobre a Barcelona que el deixou, dos anos duros e das loitas proletarias, do Centro Galego e do que se puido facer nel e non se fixo. Falou co acento posto na súa Paradela natal, de Lugo no cal vivía por vocación e da Galiza irreal e confusa con miras a melloralala. O vin contento e realizado por estar na terra nativa.

Teño moitas historias para contar de Manolo, sempre boas e xenerosas; un home comprometido coa realidade do seu tempo, tranquilo e non pasivo, con presenza en tódolos eidos da nosa cultura en Barcelona. Non sei se Manolo, para algúns intelectualoides de verba bardalleira e agraviosa, foi unha referencia da cultura galega na emigración, sinceramente foi un incansábel traballador, de entrega emocional, que non adubo á procura de prebendas e aplausos como outros fixeron sen escrúpulos e inmerecidamente.

Pasaron vinte e cinco anos da súa ausencia, mais a memoria conmemora a un poeta existencialista feito á medida das

largacías terras de Paradela; dun humanista refeito nas vereas da emigración e do que se sinte, oe e fala nas andainas da fábrica e nos desvaríos sociais da grande metrópole. Velaquí Manuel Rodríguez López na esencia elemental do que somos; na grandeza intransferíbel do que levamos e esclarecemos coa marca da lingua, da paisaxe, da tradición e do herdo temos a obriga de transmitir o peso da nosa cultura, en tantas ocasións negada polos propios galegos.

O poeta de Paradela non cedeu nin claudicou, cando a renuncia chama á porta enmascarada doutros acentos melindrosos e trata de negarnos de escurecernos. Rodríguez López foi un home de áticos sentimentos, no que comporta amar a Galiza, en tódalas dimensións irmandiñas da nosa identidade, instauradora de certezas e de esperanzas.

O mellor agasallo de homenaxe que podemos facer á memoria do noso poeta é volver a seus acentos, a reler "Soldada Mínima", o poemario que comeza cunha cantiga ao carballo, o de fondas raiceiras, longas pólas para un ritual de utilidades e mesteres domésticos. Ou a chamada a resistir no poema: "Ti es eterno", dedicado a Xulio Xiz, en homenaxe ao agra galego, o de tantas succulentas dádivas que confortou a miles de xeracións; o agro das mantenzas e farturas, agora sen sementeira, no ermo do esquecemento. Un poema enteiro, tan misterioso como iniciático.

Así continuamos aos poucos escudriñando os seus versos, descubriendo temarios de testemuño e denuncia, como no poema: "O vello obreiro", con cinco apartados ou escenas para representar en peza de teatro breve. Merece igual representación escénica o poema: "Expediente de crisis". O diálogo ergue vontades e denuncias dos que non calan por

ousadía. Ou a preciosa e delicada ladaíña sobre os días da semana. Os largacíos días de traballo negados na soldada mínima dos que furtan plusvalía. Os señores da cobiza.

Así imos indo percorrendo temas invulnerábeis, que só os poetas din o que lles marca o sentimento e as incomposturas do que vén nos agravios do irmao labrego, obreiro e emigrante. Manolo foi un poeta valoroso e conspirador pacífico, cando denuncia o asoballo que se practica cos seus semellantes, nas cargas de traballo mal pago.

Manuel Rodríguez López foi un escritor temperado nas benquerenzas das terras de Paradela, fértiles na palabra da galeguidade mais enteira á que el non renunciou. Terras por onde o Loio pasa e deixa seu cantar namoradeiro e solidario. O poeta dá testemuña, no seu memorando poético, do valor da terra nativa, non como un valor engadido senón de activa presenza e permanencia galega. Rodríguez López fica na terra xerminal, na Santa Compañía dos ilustres e agarimosos fillos de Galiza.